

O Val do Lérez.

Eixo vertebrador de grandes gaiteiros

Alvaro Novegil Dopazo

Cando un escomenza a analizar e coñecer en certa profundidade as formas de interpretación, expresión e característico son das diferentes zonas do País, é propio calificar ás Rías Baixas, e ao Val do Lérez, como unha zona referencial nas nosas músicas tradicionais, e máis concretamente ao falar de Gaiteiros. Sí, Gaiteiros con letra maiúscula, xa que eles marcaron un camiño, unha liña que serviu de guía a investigadores musicais, artesáns de instrumentos tradicionais, e como non, a novos Gaiteiros.

Perfecto Feijóo e o Coro "Aires d'a Terra"

A finais do século XIX, (1883) nace na cidade de Pontevedra o Coro "Aires d'a Terra", modelo referente na nosa música, nas interpretacións galegas con gaita Tumbal, e modelo tamén nos medios de difusión, chegando a gravar no ano 1904 o primeiro disco do que se ten constancia de música galega, documento sonoro no que se pode apreciar con grande admiración pola miña parte, a impresionante técnica de dixitación "á man pechada" que tiña o mestre D. Perfecto Feijóo Poncet, fundador do Coro, e precursor na difusión da



Perfecto Feijoo



Coro Aires da Terra (1883)

nosa música, representando escenas etnográficas que chegaban con facilidade ó público da época, innovando dentro da tradición, introducindo a zanfoña como elemento sonoro de prestixio e servindo aínda nos nosos días, de modelo interpretativo en cada corte sonoro. Foi sen dúbida un referente do que beberían discípulos de grande categoría musical e que serviría de rumbo á hora de falar do xeito característico interpretativo das Rías Baixas.

Avelino Cachafeiro.

Os Gaiteiros de Soutelo

Outro referente no xeito interpretativo das Rías Baixas, son os Gaiteiros de Soutelo, os irmáns Cachafeiro, Castor, Bautista e Avelino. Este último, foi sen dúbida un xenio adiantado ó seu tempo. Compositor da Muiñeira de Chantada, entre outras, atesouraba unha técnica maxistral con denominador común: o pechado das Rías Baixas. Reconocidos internacionalmente, ó escomenzar a guerra civil, Avelino emigrrou a América o que supuxo a desaparición dunha agrupación que marcaba unha pauta importante nun momento cultural de especial relevancia social. Quédanos unha gravación do grupo do ano 1928 con temas que seguen inmortalis nos nosos días: "A volta da festa", "Farruquiña chaman á porta", "Eicho de dar queridiña", entre outras.

Os Morenos de Lavadores.

Xosé Oliveira

Ao remate da guerra civil, pero con máis continuidade nos anos cincuenta, o cuarteto "Os Morenos" cobra unha especial importancia na cidade de Vigo e na súa área de influencia. Cando se suma ao grupo o mestre Xosé Oliveira Blanco, este alcanza o seu cumio, gravando varios traballos dos que os que

somos amantes das boas interpretacións, facemos bandeira. O xeito de tocar "á man pechada" é unha vez mais, a marca coa que identificamos a este Mestre. Seguindo o ronsel dos Gaiteiros de Soutelo, tanto no repertorio musical como no modelo de formación, e dicir, dúas gaitas, tambor e bombo, chegando tamén a asemellarse moito a tonalidade que empregan o Do alto, tamén chamado "brillante". Os Morenos continuarían ata principios dos setenta.

Ricardo Portela. Mestre de mestres

Xosé Oliveira, tivo un alumno, pero non era un alumno calquera, D. Ricardo Portela Bouzas, natural de Viascón, e figura referente natural dos Gaiteiros das Rías Baixas, do seu xeito interpretativo, das melloras no xeito do toque pechado e das melloras tímbricas introducidas nos últimos anos. Esixente, perfeccionista, retranqueiro, Ricardo Portela marcou en min un antes e un despois no xeito de tocar a gaita, na búsqueda dese timbre propio, e na dignificación do instrumento.

Tras unha estancia en Venezuela, Portela retorna a Galicia e deixa a súa impronta con varios traballos discográficos, tanto co seu irmán Xesús (Irmáns Portela, 1968) coma en solitario (Festa en Viascón, 1980 e Alborada en Cotobade, 1990), reeditando dun xeito moi persoal temas do repertorio dos Soutelo, Aires d'a Terra e Xan de Campañó, entre outros. O seu gusto interpretativo e os xiros persoais que lle daba a cada peza, facían do Mestre Portela un referente



Ricardo Portela (1984)

Gaiteiros das Rías Baixas



integral no noso xeito de tocar, entender e vivir a nosa música e, en definitiva, a nosa Gaita. A gaita das Rías Baixas.

Dende a *Asociación Cultural Gaiteiros das Rías Baixas*, queremos render unha homenaxe permanente e inmemorial ao Mestre Portela e como non, aos Mestres precursores, que beberon do caudal cultural e musical do Val do Lérez e a súa área de influencia, que respiraron **Rías Baixas**, poñendo en valor a Gaita Tradicional propia da nosa Comarca como un todo integral que fai que nos sintamos cada día privilexados de vivir nun lugar máxico.

Asociación Cultural "Gaiteiros das Rías Baixas"
info@gaiteirosdasriasbaixas.com